

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE R.S.U.

ARTIGO 1º FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello do Corgo establece a taxa por recollida de lixo, a que se refire o artigo 20.4s) e que se rexerá pola presente ordenanza, e as súas normas atenden ao previsto no artigo 58 do citado Real Decreto.

ARTIGO 2º FEITO IMPOÑÍBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos e inmobles desocupados .
2. A tal efecto, considéranse residuos sólidos urbáns, os restos e desperdicios ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escouras de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou verquido esixa a adoción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Non está suxeita a esta taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:
 - a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
 - b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
 - c) Recollida de entullos de obras.

4. A recepción do servizo de recollida de lixo ten carácter obrigatorio para todos os inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.

ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista ou arrendatario, mesmo de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo, substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º COTA TRIBUTARIA

(Artigo modificado por acordo do Pleno do 28 de marzo do 2008, publicado no BOP nº 136, do 14 de xuño do 2008, e polo do Pleno do 27 de novembro do 2008, BOP nº64 do 20 de marzo do 2009)

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local ou vivenda unifamiliar.

Nembargantes, aquelas vivendas unifamiliares que estean divididas en dous ou máis domicilios, constando así no padrón municipal de habitantes, os suxeitos

pasivos tributarán por cada un dos domicilios pola tarifa do grupo 1, referida a vivendas.

2. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

GRUPO	TARIFA ANUAL	TARIFA SEMESTRAL
GRUPO 1. VIVENDAS E LOCAIS OU EDIFICACIÓNS NON CONTEMPLADAS NOS GRUPOS 2 A 6 ⁽¹⁾	27,5	13,75
GRUPO 2. LOCAIS E ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E PROFESIONAIS (gestorías, asesorías, oficinas bancarias, talleres, desguaces, carpinterías, carnicerías, pescaderías, panaderías e similares)	57,2	28,6
GRUPO 3. BARES, CAFETERÍAS, TABERNAS, PUBS.	68,75	34,37
GRUPO 4. RESTAURANTES, PEQUENOS SUPERMERCADOS E CASAS DE TURISMO RURAL E MOBLERÍAS	90,75	45,37
GRUPO 5. GRANDES ALMACÉNS, HIPERMERCADOS, INDUSTRIAS CÁRNICAS E SIMILARES E ESTACIÓNS DE SERVICIO SIN RESTAURANTE.	137,5	68,75
GRUPO 6. ESTACIÓNS DE SERVICIO CON RESTAURANTE, HOSTAIS, HOTEIS, MOTEIS, (WISKERÍAS), RESIDENCIAS E CASAS DE TURISMO RURAL CON RESTAURANTE	250	125

A calquera comercio ou industria non especificado nesta Ordenanza aplicaráselle a tarifa que lle sexa máis afín

⁽¹⁾ Modificación do artigo por acordo do Pleno do 27 de novembro do 2008, BOP nº64 do 20 de marzo do 2009, que cambia a denominación do Grupo I.

(2)

GRUPO	ANO 2009	
	ANUAL	SEMESTRAL
G.1	36	18
G.2	74,88	37,44
G.3	90	45
G.4	118,80	59,4
G.5	180	90
G.6	327,26	163,63

GRUPO	ANO 2012	
	ANUAL	SEMESTRAL
G.1	61,5	30,75
G.2	127,92	63,96
G.3	153,75	76,87
G.4	202,95	101,47
G.5	307,5	153,75
G.6	559,04	279,52

GRUPO	ANO 2010	
	ANUAL	SEMESTRAL
G.1	44,5	22,25
G.2	92,56	46,28
G.3	111,25	55,62
G.4	146,85	73,42
G.5	222,5	111,25
G.6	404,52	202,26

GRUPO	ANO 2013	
	ANUAL	SEMESTRAL
G.1	70	35
G.2	145,6	72,8
G.3	175	87,5
G.4	231	115,5
G.5	350	175
G.6	636,3	318,15

GRUPO	ANO 2011	
	ANUAL	SEMESTRAL
G.1	53	26,5
G.2	110,24	55,12
G.3	132,5	66,25
G.4	174,9	87,45
G.5	265	132,5
G.6	481,78	240,89

² Modificación do artigo establecida polo do Pleno do 27 de novembro do 2008, que se publica no BOP nº64 do 20 de marzo do 2009, coa que se establece unha distribución das tarifas anuais e semestrais de cada grupo para os cinco anos, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

ARTIGO 6º.- DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo de recollida de lixo domiciliario nas rúas, vías, núcleos rurais , asentamentos de poboación de calquera tipo, independentemente a súa clasificación urbanística, ou nos lugares onde haxan vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, agás que o inicio da prestación se producise con posterioridade a dita data, en que se devengará o primeiro día do semestre seguinte. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas serán irreductibles polo período sinalado.

3. No caso de edificacións de calquera tipo (locais, vivendas...) que se constrúan e rematen, en zonas nas que estea establecido o servizo, os seus propietarios terán a obriga tributaria de comunicalo ó Concello, aportando o certificado final de obra, expedido polo director da mesma, procedendo a darse de alta no correspondente servizo e padrón, con efectos tributarios do primeiro día do semestre que corresponda.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 7º DECLARACIÓNS DE ALTA, BAIXA E MODIFICACIÓN

1. Toda persoa física o xurídica terá a obriga tributaria de declarar toda alta, baixa ou modificación que poda afectar á tarifa a aplicar como consecuencia da prestación do servizo. Isto producirá efectos económicos segundo o establecido no art 6 .

2. Se se solicita a modificación por cambio no suxeito pasivo ou no uso , deberán achegarse os documentos que xustifiquen tal modificación, a fin de que no expediente obren os datos precisos para a aplicación da tarifa

correspondente, previa verificación dos servizos municipais, e posterior modificación do padrón de suxeitos pasivos.

3. Se se solicita a baixa, o suxeito responsable tributario deberá acompañar a documentación acreditativa de que o inmovible se atopa en estado ruinoso ou adquiriu a condición de soar ou terreo, sen que exista ningunha edificación.

Fóra dos supostos sinalados, non se admitirá baixa algunha.

As altas, modificacións e baixas producirán os efectos económicos segundo o establecido no art. 6.

4. Os substitutos do contribuínte poderán designar un representante para os efectos da notificación dos recibos. Neste caso, a notificación individual practicada ao representante, ou colectiva, que se realice mediante edictos, cando proceda legalmente, entenderase efectuada tamén ao substituto, sen que altere as obrigas que se deriven da relación tributaria.

ARTIGO 8º PADRÓN DA TAXA.

1. As declaracións de alta ou modificación presentadas, así como as liquidacións de oficio sinaladas no artigo 9, suporán a incorporación do suxeito pasivo ao padrón da taxa polos elementos declarados ou comprobados.

2. A liquidación desta taxa, efectuarase mediante recibo.

3. A cota tributaria aboarase nos prazos que se determinen polo órgano competente na oficina bancaria que se sinale ou mediante domiciliación bancaria.

4. O cobro das cotas realizarase como máximo en dúas liquidacións anuais, sen que sexa necesaria a notificación individual das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente .

5. Previamente a apertura do prazo de ingreso en voluntaria, o órgano competente aprobará e ordeará a exposición ao público do padrón de suxeitos pasivos ós efectos de información pública e para presentación de posibles reclamacións, que serán resoltas segundo proceda. Trascorrido o prazo de exposición o público non se admitirán reclamacións, liquidándose a cota

tributaria do padrón aprobado definitivamente, sen prexuízo da interposición dos recursos administrativos que correspondan contra ó acto de aprobación definitiva do Padrón.

ARTIGO 9º ACTUACIÓN DE OFICIO

1. A Administración municipal liquidará de oficio e incluírá no padrón a todos os suxeitos pasivos que non presentasen a correspondente declaración de alta.

2. Para os efectos do establecido no apartado precedente, os titulares, ou arrendatarios, usufructuarios, precaristas ou meros poseedores de bens inmobles deberán contribuir, sempre que estes reunan algunha das seguintes condicións:

a) Que estean incluídos no Catastro Inmobiliario ou ben estea solicitado polo seu titular a alta no mesmo.

b) Edificacións rematadas, aínda cando non solicitasen a correspondente licencia de primeira ocupación, sen prexuízo das correspondentes responsabilidades urbanísticas.

c) Aqueles que estean habitados, aínda que sexa residencia de temporada.

3. A falta de declaración de alta, nos supostos de novas edificacións, ou a modificación no uso, determinará a liquidación de atrasos, ou a devolución das cantidades, desde a data en que tales cambios se produciron, agás proba en contrario.

ARTIGO 10º INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, atenderase ao disposto na Lei xeral tributaria e normas que a desenvolven.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. As tarifas establecidas no artigo 6.2 da presente ordenanza, incrementaranse anualmente, o 1 de xaneiro de cada ano, segundo o incremento do IPC nese período. Non será precisa a notificación individual ós suxeitos pasivos das tarifas derivadas destes incrementos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza aprobada polo Pleno en data 3 de decembro de 1992.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada por acordo do Concello Pleno de 31 de marzo de 2006, modifica a aprobada polo Pleno do Concello do 3 de decembro de 1992, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xullo de 2006. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.